

**OS CRUCEIROS DA TERRA CHÁ. ALGUNHAS TIPOLOXÍAS
DOS CRUCEIROS DE COSPEITO.**

AUTORES: ARRIBAS ARIAS, Fernando

BLANCO PRADO, José Manuel

REFERENCIA ESENCIAL:

Libro **CATÁLOGO DE CRUCEIROS DA TERRA CHÁ. CRUCEIROS DE
BEGONTE, COSPEITO E RÁBADE**, Sada (A Coruña): Ed. do Castro, 2000. Autoría.:
FERNANDO ARRIBAS ARIAS E JOSÉ MANUEL BLANCO PRADO.

I. INTRODUCCIÓN. UNHA CHAIRA DE CRUCEIROS. (RAMÓN VILLARES ¹)

A Terrachá luguesa é comarca de lindeiros ben derregados de xeito natural por tres dos seus catro puntos cardinais, salvo na súa fronteira cara o sul, que se esvai sen ruptura franca coas terras do Narla e do Pallares. A Chaira é tamén comarca de moradores dotados da identidade especial que concede a adversidade histórica e a experiencia dunha loita incesante contra unha natureza ingrata, de gándaras molladas e de fondais veiguentos e cheos de lentura. Terra e xente danlle á Terrachá unha fasquía especial no concerto das bisbarras galaicas, dada a riqueza do seu patrimonio natural e a enerxía vital dos chairegos e “baluros”, forxados na epopeya da emigración transoceánica e da migración máis temporeira do traballo en Castela e Andalucía, cando non se deslocaban cara outras terras de Galicia, para faceren as cavas do monte en Ortigueira ou a seitura nas terras de Chamoso, Sarria e da depresión monfortina, a onde ían de “alugados” os que non valían para soportar a dureza do clima vrañego de Castela.

Esta fartura natural e humana non ten o seu correlato no patrimonio histórico e artístico da Chaira. Os seus vellos castelos medievais, salvo exemplos senlleiros como a lanzal torre dos Andrades vilalbeses, foron desmochados nos tempos irmandiños ou abatidos polo paso do tempo, que non se axoella perante títulos nen superioridades. As súas igrexas e capelas son dabondo modestas na súa fábrica exterior, e pouco adornadas no seu interior, salvo algún retábulo singular, como é o caso do da miña tribo natal de

¹ PAZ VILLARES, Ramón.: Prólogo do libro *Catálogo de Cruceiros da Terra Chá. Cruceiros de Begonte, Cospeito e Rábade*, Sada (A Coruña): Ed. do Castro, 2000. Autoría.: Fernando Arribas Arias e José Manuel Blanco Prado.

San Xulián de Cazás. Os mosteiros dos que tan inzadas están outras bisbarras de Galicia, apenas aparecen nalgunha das rilleiras da Chaira, como acontece en Meira, cenobio que resulta tan mirandés como chairego. En suma, estas amplas gándaras da meseta luguesa, inzadas de mámoas e castros, sulcadas por ducias de ríos e regatos de augas pousonas, non sobrancean polo seu equipamento histórico patrimonial propio dos tempos cristiáns. Nada comparable á fartura en igrexas de floridas arquivoltas románicas ou espadanas barrocas, que se atopan nas terras do Cabo, do Miño medio ou do Sil, nas Mariñas betanceiras ou nas ribeiras do Ulla e do Tambre. Non se pode ter de todo.

Pero cómpre destacar en algo. E a Chaira se de algo se pode gabar é, precisamente, de posuír unha elevada nómina de cruces de pedra ou, mellor dito, de cruceiros. Terra de caminos por veces esborrallados por enchentas ou cegados pola forza do bosco, precisa de puntos de referencia, de marcos que ao modo das vellas pedras fitas ou dos miliarios romanos, asesoren e guíen ao camiñante. Terra de moradores que están en moi íntimo contacto coa terra, que mesmo aman e temen a natureza con máis paixón do que permite a ortodoxia cristiana, é quen de reunir no cruceiro a reverencia debido ao símbolo por antonomasia do cristianismo co recoñecemento ao poder da encrucillada, herdeira da tradición pagana tan rexamente combatida polo Martiño de Dumio, no seu celebrado texto **De correctione rusticorum**. . Terra na que os seus moradores forman unha sociedade de parcería entre os vivos e os mortos (sempre presentes no recordo da devoción das ánimas, eventualmente retornados nas “visións”, que son a versión chairega da Santa Compañía) ten no cruceiro o momento preciso para lembrar o desaparecido nun punto cativo, para saldar débedas intanxibles, ou para indicar ao camiñante que está en terra cristianada por efectos dunha misión de frades apaixonados, tal vez dos redentoristas dos Picos de Mondoñedo.

O cruceiro que é, no sentir de Vicente Risco “o moimento mais dino de nota da nosa arte popular”, adquire na Chaira rango de obra de arte máis que popular, propiamente emblemática dunha bisbarra e das súas xentes. . Moimento certamente popular, como mostra este e outros catálogos que o precederon, pois nen tan xiquera a súa propiedade é individualizada de forma sistemática. Moimento popular, como obra de máns anónimas aínda que expertas (como as das tres xeracións dos Carboiera de Román), reflicte cabalmente o carácter modesto e de esforzo colectivo que foi a historia das xentes da Terrachá. Moimento de carácter campesino e mesmo de difusión recente (en xeral, de pouco máis dun século), que expresa esa relación telúrica do chairego coa

terra na que mora en vida e á que volta con frecuencia, de morto, con ocasión de festas e fiadeiros, pero tamén de “quimeras”ou partillas. Ningún outro momento podería representar mellor o patrimonio artístico da Terra Chá. Ten a forza da súa feitura (moderna) en pedra de cantería, que lle deu deste modo firmeza ás vellas cruces de pau, que deberon inzar a meseta chairega durante séculos. E ten a enerxía oculta que lle concede a súa orixe popular e comunal, telúrica e mesmo panteísta, cristianada pola doutrina da Igrexa pero sen perder o seu saíbo pagano.

Malia esta condición de seren os cruceiros moimentos populares, de non precisaren de mantemento nen especial atención, nen perxudicaren o medkio ambiente, son un ben patrimonial que esta hoxe en perigo. Os cruceiros son obras que, por teren perdido algunhas das súas vellas función, se prestan ao seu uso como preza suntuaria, fóra do seu lugar de asentamento natural, en casas e fincas das periurbanizacións de moitas das cidades e vilas galegas . Consecuencia non só da perda de memoria histórica e patrimonial, senón da difusión do gusto “kitsch”que inza en periodos de mudanza acelerada de patróns culturais. O cruceiro, engaiolante na súa simpleza, precisa dun novo significado nunha sociedade como a actual, non só desagrarizada, senón carante dos códigos culturais, que fixeron posible esta floración

E para afrontar esta tarefa, cómpre comenzar polo máis evidente, que é saber onde están os cruceiros, qué características teñen ecales son os seus atributos identificativos. A este fin responde esta nova entrega de catálogo de cruceiros da Terra Chá, que veñen facendo desde hai anos os expertos etnógrafos Fernando Arribas e Xosé Manuel Blanco Prado. O libro dedicado aos cruceiros dos concellos de Castro de Rei e de Outeiro de Rei, imprentado no 1998, foi seguido polo correspondente ao concello de Guitiriz (1999) e agora é o turno dos cruceiros de Begonte e de Cospeito, imprentado neste ano charneira dos tres ceros de 2000. En cinco concellos (porque o de Rábade, a estes efecto, apenas conta), van repertoriados máis de cento cincuenta cruceiros e calvarios. E aínda fallan por inventariar terras tan mestas de cruceiros, como as de Villalba ou Xermade, na parte chairega do vendaval, e as de Muras, Pastoriza e Pol, pola súa vertente oriental.

Entre o froito xa mallado e o que fica na meda na aira para a aseguite primavera, canto traballo non levan feito estes dous investigadores e canta gratitude nos lles debemos os seus coetáneos e os que nos sucedan. Qué non daría Castela por ver repertoriadas en vida todas as cruces de pedra de Galicia, coa precisión e co esmero que lle ponen estes dous eruditos lucenses. Con todo, nunca é tarde para se lucrar dos

benfeitos. E unha cultura non adquire a súa plenitude ata que nos seus recunchos máis pequenos alguén distera o interese da arte. Que, a fin de contas, esto é o que están a facer estes dous esforzados e xenerosos catalogadores, dun patrimonio comunal, contribuído a salvar os homildosos cruceiros chairegos da avaricia do interese e da fachenda da ignorancia.

II. LOCALIZACIÓN DO MUNICIPIO.

O municipio de Cospeito ocupa unha superficie de 145 km² e posúe unha poboación, segundo o I.G.E.² do ano 2019, de 4484 habitantes, distribuída en 20 parroquias ³. A súa principal entidade de poboación é Ferial do Monte, capital do municipio, situada na parroquia de Sistallo. Forma parte da Comarca da Terra Chá, que está situada na parte Centro- Norte da provincia de Lugo e que ocupa unha extensión de 1823 km², sendo considerada a comarca natural máis ampla e chá de Galicia. Abrangue, ademais deste municipio, aos de Abadín; Begonte; Castro de Rei; Guitiriz; Muras; A Pastoriza; Vilalba; e Xermade.

III. CRUCEIROS DE COSPEITO E MAPAS DE LOCALIZACIÓN.

DENOMINACIÓN	LUGAR	PARROQUIA
CRUCEIRO DO CALVARIO	O CALVARIO	ARCILLÁ
CRUCEIRO DE FONTELA	FONTELA	BEXÁN
CRUCEIRO DE PAREDES	PAREDES	COSPEITO
CRUCEIRO DA LAMELA	LAMELA	GOÁ
CRUCEIRO DO TUMBO	TUMBO	GOÁ
CRUCEIRO DA XOCA	A XOCA	GOÁ
CRUCEIRO DE LAMAS	IGREXA	LAMAS


² Instituto Galego de Estadística.

³ Arcillá (San Paio), Bestar (Santa María), Bexán (San Paio), Cospeito (Santa María), Goá (San Xurxo), Lamas (Santa Martiño), Momán (San Pedro), Muimenta (Santa Mariña), Pino (San Martiño), Rioaveso (Santalla), Roás (San Miguel), Santa Cristina (San Xiao), Seixas (San Pedro), Sisoi (Santalla), Sistallo (San Xoán), Támoga (San Xiao), Vilapene (Santa Mará), Vilar (Santa María), Xermar (Santa María), Xustás (Santiago)


CR° DE MOMÁN DE ABAIXO	MOMÁN DE ABAIXO	MOMÁN
CRUCEIRO DA IGREXA	IGREXA	MUIMENTA
CRUCER° DO PORTO DO SAL	PORTO DO SAL	MUIMENTA
CRUCEIRO DA PRAZA	MUIMENTA	MUIMENTA
CRUCEIRO DA CASIÑA	A CASIÑA	PINO
CRUCEIRO DE QUEIMOSAS	QUEIMOSAS	RIOAVESO
CRUCEIRO DE ANLLO	O TOXEIRO	ROÁS
CRUCEIRO DOS MUIÑOS	MUIÑOS	ROÁS
CRUCEIRO DE ANIDOS	ANIDOS	SANTA CRISTINA
CRUCEIRO DA IGREXA	IGREXA	SANTA CRISTINA
CRUCEIRO DAS CARBALLAS	AS CARBALLAS	SEIXAS
CRUCEIRO DE ANCARES	SISOI	SISOI
CRUCEIRO DE NICOLÁS	SANTALLA	SISOI
CRUCEIRO DO GALÁN	A FEIRA DO MONTE	SISTALLO
CRUCEIRO DO ARCO	O ARCO	SISTALLO
CRUCEIRO DA IGREXA	SISTALLO	SISTALLO
CRUCEIRO DO SANTUARIO	A FEIRA DO MONTE	SISTALLO
CRUCEIRO DE TÁMOGA	OS MUIÑOS	TÁMOGA
CRUCEIRO DE ALGARA	ALGARA	VILAPENE
CRUCEIRO DO CALVARIO	O CALVARIO	XERMAR
CRUCEIRO DO EIRIXADO	O EIRIXADO	XERMAR
CRUCEIRO DA GRANDA	A GRANDA	XERMAR
CRUCEIRO DE MATACOVO	MATACOVO	XERMAR
CRUCEIRO DO PIÑEIRO	O PIÑEIRO	XERMAR
CRUCEIRO DA ESCANAVADA	A ESCANAVADA	XUSTÁS
CRUCEIRO DO MATODOSO	MATODOSO	XUSTÁS
CRUCEIRO DE REXIMIL	REXIMIL	XUSTÁS

- MAPAS DE LOCALIZACIÓN⁴

LOCALIZACIÓN XEOGRÁFICA
DO CONCELLO DE COSPEITO



CONCELLO DE COSPEITO



SIMBOLOXÍA

+ CRUCEIROS

● CRUCES

LOCALIZACIÓN NUMÉRICA DAS PARROQUIAS

1 RIOAVESO	11 PINO
2 GOÁ	12 XERMAR
3 MUIMENTA	13 TAMOGA
4 SEIXAS	14 BEXÁN
5 SISTALLO	15 XUSTÁS
6 SANTA CRISTINA	16 LAMAS
7 ROÁS	17 VILAR
8 VILAPENE	18 ARCILLÁ
9 COSPEITO	19 BESTAR
10 MOMÁN	20 SISOÍ

⁴ Os mapas de localización foron realizados polo delineante José Cancio Fernández.

IV. ALGUNHAS TIPOLOXÍAS DOS CRUCEIROS DO MUNICIPIO DE COSPEITO.

Imos facer un breve resumo dos cruceiros deste municipio atendendo a unha serie de aspectos: a súa propiedade; a situación que ocupan; en canto aos distintos elementos da súa composición: plataforma, base, fuste, capitel e cruz; a datación destes; en relación ás persoas ligadas coa súa construción; aos motivos explícitos da súa feitura; con respecto a aqueles, que posúen restos de policromía; tamén, en canto aos materiais, que se empregan na súa construción.

1º. A PROPIEDAD.

1.1. PROPIEDAD PRIVADA.

Cruceiro de Fontela (Bexán). **“Casa de Crecente”**. Cruceiro de Paredes. **“Manuel Fernández”**. Cruceiro da Lamela. **“Casa de Aguiar de Crecente”**. Cruceiro do Tumbo. **“Ramón da Grela”**. Cruceiro de Lamas (Lamas). **“Casa do Vello Meolo” agora “Casa do Celestro”**. Cruceiro da Casiña (Pino) **“Casa da Casiña” (FOTO 1)** . Cruceiro de Anllo (Roás). **“Casa de Anllo” (FOTO 2)**. Cruceiro de Anidos (Santa Cristina). **“María del Pilar Pérez Piñeiro (“Casa da Filomena”)**. Cruceiro das Carballas (Seixas). **“Manuel Fernández Braña (“Casa do Condiño”)**. Cruceiro de Ancares (Sisoi). **“Ramón Castro (“Casa de Ancares”)**. Cruceiro de Nicolás (Sisoi). **“Casa de Nicolás” (FOTO 3)**. Cruceiro do Arco (Sistallo). **“Modesto Renda” (FOTO 4)** . Cruceiro de Támoga (Támoga). Cruceiro do Calvario (Xermar). **“Casas de Benito Yáñez e José Díaz”**. Cruceiro do Eirixado (Xermar). **“Ignacia (“Casa de Teixeira”) (FOTO 5)**. Cruceiro da Granda (Xermar). **“Casa de Plácido Puente” (FOTO 6)**. Cruceiro de Matocovo (Xermar). **“José Díaz Puente (“Casa de Teixeira”)**. Cruceiro da Escanavada (Xustás). **“Dª Gloria Teijeiro”**. Cruceiro de Reximil (Xustás). **“Pedro Maseda (“Casa de Reximil”)” (FOTO 7)-**

1.2. PROPIEDAD PÚBLICA.

Cruceiro do Calvario (Arcillá). Cruceiro da Lamela (Goá) **(FOTO 8)**. Cruceiro da Xoca (Goá). Cruceiro de Momán de Abaixo (Momán). Cruceiro da igrexa (Muimenta) **(FOTO 9)**. Cruceiro do Porto do Sal (Muimenta). Cruceiro da praza (Muimenta). Cruceiro de Queimosas (Rioaveso) **(FOTO 10)**. Cruceiro dos Muiños (Roás). Cruceiro da igrexa

(Santa Cristina). Cruceiro da igrexa (Sistallo). Cruceiro do Santuario da Feira do Monte (Sistallo) (**FOTO 11**). Cruceiro de Galán (Feira do Monte) (Sistallo) (**FOTO12**). Cruceiro de Algara (Vilapene) (**FOTO 13**). Cruceiro do Piñeiro (Xermar). Cruceiro do Matodoso (Xustás) (**FOTO 14**).

2º. A SITUACIÓN.

En relación á situación encontramos *doce cruceiros* nun cruzamento de viarios ;⁵ *oito cruceiros* o carón dun viario; ⁶ *catro cruceiros* preto dun viario; ⁷ *catro*, no adro da igrexa; ⁸ *tres*, ao seu carón; ⁹ e *dous*, preto; ¹⁰ *dez*, no interior dunha propiedade; e *oito*, ao carón dunha casa. ¹¹

3º. ELEMENTOS ARTÍSTICOS DO CRUCEIRO.

3.1. A PLATAFORMA.

Amosa un chanzo nos *cruceiros da Casiña (Pino)* (**FOTO 1**) ; *de Queimosas (Rioaveso)*; *de Anidos (Sta. Cristina)*; *do santuario da Feira do Monte (Sistallo)*; e *de Támoga*. Pola contra, presenta dous chanzos en oito cruceiros¹², tres en doce cruceiros¹³, catro en catro¹⁴ (**FOTO 5**). Tamén hai tres cruceiros que non amosan plataforma ¹⁵.

⁵ Cruceiro do Calvario (Arcillá), cruceiro de Fontela (Bexán), cruceiros do Tumbo (Goá), da Xoca (Goá), de Momán de Abaixo (Momán), do Porto do Sal (Muimenta), de Anidos (Sta. Cristina), do Arco (Sistallo), de Támoga (Támoga), do Calvario (Xermar), do Eirixado (Xermar) e da Granda (Xermar).

⁶ Cruceiro de Paredes (Cospeito), cruceiros da Casiña (Pino), de Ancares (Sisoi), do Galán (Sistallo), do santuario da Feira do Monte (Sistallo), de Matocovo (Xermar), do Piñeiro (Xermar), e cruceiro de Reximil (Xustás).

⁷ Cruceiros de Lamas (Lamas), da praza (Muimenta), dos Muiños (Roás), de Algara (Vilapene).

⁸ Cruceiros da igrexa (Muimenta), de Queimosas (Rioaveso), da igrexa (Sta. Cristina) e do santuario da Feira do Monte (Sistallo).

⁹ Cruceiros de Lamas (Lamas), de Algara (Vilapene) e do Piñeiro (Xermar).

¹⁰ Cruceiros das Carballas (Seixas) e de Nicolás (Sisoi).

¹¹ Cruceiros de Paredes (Cospeito), da Casiña (Pino), dos Muiños (Roás), de Ancares (Sisoi), de Nicolás (Sisoi), de Matocovo (Xermar), da Escanavada (Xustás), de Reximil (Xustás).

¹² Cruceiros do Calvario (Arcillá), da igrexa (Sta. Cristina), de Ancares (Sisoi), do Arco (Sistallo), de Algara (Vilapene), do Calvario (Xermar), do Piñeiro (Xermar) e da Escanavada (Xustás).

¹³ Cruceiros de Fontela (Bexán), de Paredes (Cospeito), do Tumbo (Goá), de Momán de Abaixo (Momán), da igrexa (Muimenta), do Porto do Sal (Muimenta), da praza (Muimenta), de Anllo (Roás), das Carballas (Seixas), de Nicolás (Sisoi), do Galán (Sistallo) e de Matocovo (Xermar).

¹⁴ Cruceiros da Lamela (Goá), da Xoca (Goá), do Eirixado (Xermar) e de Reximil (Xustás).

¹⁵ Cruz da Regueira (Cospeito) e cruceiros de Lamas, dos Muiños (Roás) e da igrexa (Sistallo).

3.2. A BASE.

Presenta diferentes formas:

3.2.1. Unha base cúbica coas arestas superiores rebaixadas nos ***cruceiros da Xoca (Goá), da Escanavada (Xustás) e no do Matodoso (Xustás)*** (FOTO 14).

3.2.2. Unha base composta por tres elementos: o inferior de forma paralelepípeda, o central cunha moldura en cima recta ou gola e o superior tamén de forma paralelepípeda pero máis estreito que o inferior, en ***nove cruceiros***¹⁶.

3.2.3. Unha base de dous elementos, separados por unha moldura en escocia: o inferior de forma paralelepípeda e o superior troncopiramidal cos bordos superiores redondeados nos ***cruceiros de Paredes (Cospeito) e de Nicolás (Sisoi)*** (FOTO 3).

3.2.4. Unha base composta de dous elementos: o inferior de forma paralelepípeda e o superior cunha moldura en caveto cos bordos superiores redondeados nos ***cruceiros da Lamela (Goá) e do Porto do Sal (Muimenta)***.

3.2.5. Unha base de dous tramos: o inferior de forma paralelepípeda e o superior cunha moldura en caveto nos ***cruceiros dos Muíños (Roás) e da igrexa (Sta. Cristina)***.

3.2.6. Unha base cun primeiro tramo paralelepípedo e un segundo troncopiramidal, en ***seis cruceiros***¹⁷. (FOTO 15)

3.2.7. Unha base de dous elementos: o inferior paralelepípedo e o superior percorrido por dúas molduras cóncavas e unha convexa moi pronunciadas nos ***cruceiros do santuario da Feira do Monte (Sistallo) e de Támoga***.

3.2.8. Unha base formada por dous elementos: o inferior paralelepípedo e o superior tendente á troncopiramidalidade cunha moldura en caveto nos ***cruceiros do Piñeiro (Xermar) e de Reximil (Xustás)*** (FOTO 7).

3.2.9. Unha base de dous elementos: o inferior paralelepípedo e o superior tendente á troncopiramidalidade cunha moldura en caveto e os bordos superiores rebaixados nos ***cruceiros do Eirixado (Xermar) e de Matocovo (Xermar)***.

Como elementos complementarios, a base presenta algúns relevos da paixón nos ***cruceiros de Lamas , de Queimosas (Rioaveso), dos Muíños (Roás)*** (FOTO 16) , da

¹⁶ Cruceiros de Fontela (Bexán), de Anidos (Sta. Cristina), das Carballas (Seixas), de Ancares (Sisoi), do Galán (Sistallo), do Arco (Sistallo), de Algara (Vilapene), do Calvario (Xermar) e da Granda (Xermar).

igreja (Sta. Cristina) (FOTO 17) e de Reximil (Xustás). Amosa unha inscrición en *dezaoito cruceiros*¹⁷. A inscrición fai alusión ás indulxencias concedidas polo bispo de Mondoñedo a tódalas persoas, que recen diante do cruceiro unha serie de oracións: painoso, avemaría, salve, credo etc.; tamén soe mencionar o nome das persoas vinculadas ó cruceiro, así como a data de construción. Como modelos representativos de inscrición citamos ás dos seguintes cruceiros:

A. CRUCEIRO DO CALVARIO (ARCILLÁ).

CARA SE. “*EL AÑO D 1891/ SE HIZO POR DIS/ POSICIÓN D UNOS/DEVOTOS DE ARCILLA/ Y SISOI ESTA...*”

CARA NW. *EL ILMO SEÑOR/ OBISPO D MONDO/ ÑEDO CONCEDIO/ 40 DIAS DE INDUL/ GENCIAS POR RE/ ZAR...UN CREDO/ACTO DE CONTRICIÓN...”*

B. CRUCEIRO DE LAMAS (LAMAS).

CARA NE. “*LO PUSO MANUEL / GARCIA Y SU MUJER*”

C. CRUCEIRO DA IGREXA DE STA. CRISTINA (SANTA CRISTINA).

CARA SUR. “*LO PUSO MANUEL/ DIAZ Y DIAZ/ Y SU MUGER/*

CARA LESTE. *EL OBISPO DE MON/ DOÑEDO CONCEDIO/ 40 DIAS DE INDULGENCIAS”.*

D. CRUCEIRO DE NICOLÁS (SISOI). (FOTO 18)

CARA SW. “*EL AÑO DE 1890/ SE HIZO ESTA OB/RA POR DISPOSICIÓ/ N DE DON MANUEL FERNÁNDEZ Y ESPOSA/ VECINOS DE ESTA PARROQUIA.*

CARA SE. *EL ILMO SEÑOR/ OBISPO D MONDO/ ÑEDO CONCEDIO/40 DIAS D INDULGE/ NCIA POR REZAR CON/UN PADRE/*

CARA NE. *NUESTRO Y CRE/ DO O AUTO DE CON/ TRICION.../ OTROS 40 / POR POR UNA ABE/ MARIA O SALBE/*

CARA NW. *ANTE ESTAS/ EFIGIES.”*

¹⁷ Cruceiros do Tumbo (Goá), de Lamas, de Momán de Abaixo (Momán), da praza (Muimenta), de Queimosas (Rioaveso), de Anllo (Roás).

¹⁸ Cruz do Toiral (Cospeito) e cruceiros do Calvario (Arcillá), de Fontela (Bexán), da Lamela (Goá), de Lamas, do Porto do Sal (Muimenta), da Casiña (Pino), de Queimosas (Rioaveso), de Anllo (Roás), da igrexa (Sta. Cristina), das Carballas (Seixas), de Ancares (Sisoi), de Nicolás (Sisoi), do Arco (Sistallo), de Algara (Vilapene), do Eirixado (Xermar), da Granda (Xermar), do Piñeiro (Xermar) e de Reximil (Xustás).

E. CRUCEIRO DE ALGARA (VILAPENE).

CARA NW. “ESTE CONSTRUIDO/ POR RAMON/CASTIÑEIRA/

CARA SW. EL ESCMO/ SR. OBISPO/ DE MOND° CONCE/DIO 40 DIAS

DE IN/ DULGENCIA A LOS/ QUE REZAREN ANTE/ESTE CRUCERO EL /

PADRENUESTRO / EL CREDO EL A/ VEMARIA O LA/ SALVE O EL AUTO/ D

CONTRICIÓN/O LOS D FE/ ESPRA Y CAR”.

F. CRUCEIRO DA GRANDA (XERMAR). (FOTO 6)

CARA W. “LO PUSO/ JUAN PUENTE/ PARA ALIVIO DE A/ NIMAS”.

3.3. O FUSTE.

Adoita ser monolítico, prismático, de sección cuadrangular nos extremos e coas arestas rebaxadas no resto, agás no *cruceiro do Matodoso (Xustás)*, que é cilíndrico (**FOTO 14**).

3.3.1. O extremo superior das súas caras están ornamentadas polos seguintes motivos:

* Por rombos e roeles¹⁹. (**FOTO 1**) (**FOTO 3**)

* Por unha custodia²⁰. (**FOTO 19**)

* Por unhas rosetas²¹.

3.3.2. O resto do fuste está decorado en trinta e un cruceiros polos instrumentos da paixón en relevo. A súa disposición nunha orde descendentes é variable, como ímos ver a continuación.

*** CRUCEIRO DO CALVARIO (ARCILLÁ).**

Tres cravos, un martelo, unhas tenaces, unha espada e unha escaleira de dez banzos.

¹⁹ Cruceiros do Calvario (Arcillá), de Paredes (Cospeito), do Tumbo (Goá), de Momán de Abaixo (Momán), da praza (Muimenta), da Casiña (Pino), de Anllo (Roás), de Nicolás (Sisoi), do Galán (Sistallo), do santuario da Feira do Monte (Sistallo), de Algara (Vilapene) e do Eirixado (Xermar).

²⁰ Cruceiros de Queimosas (Rioaveso), de Anllo (Roás), da igrexa (Sistallo).

²¹ Cruceiros dos Muíños (Roás), da igrexa (Sta. Cristina), de Ancares (Sisoi), do Galán (Sistallo), do santuario da Feira do Monte (Sistallo), do Calvario (Xermar), da Granda (Xermar), de Maticovo (Xermar), de Reximil (Xustás).

*** CRUCEIRO DE PAREDES (COSPEITO).**

Tres cravos, un martelo, unhas tenaces, unha espada e unha escaleira de once banzos.

*** CRUCEIRO DA LAMELA (GOÁ). (FOTO 8)**

Tres cravos, un martelo, unhas tenaces, unha lanza e una escaleira de once banzos.

*** CRUCEIRO DO TUMBO (GOÁ).**

Dous cravos, un cravo, un cravo, dous cravos, un martelo, unhas tenaces, unha espada e unha escaleira de nove banzos.

*** CRUCEIRO DE LAMAS (LAMAS). (FOTO 20)**

Tres cravos, unhas tenaces, un martelo, unha lanza e unha escaleira de nove banzos.

*** CRUCEIRO DE MOMÁN DE ABAIXO (MOMÁN).**

Tres cravos, unhas tenaces, unha espada, un martelo, un látego e unha escaleira de nove banzos.

*** CRUCEIRO DA IGREXA (MUIMENTA).**

Un martelo, unhas tenaces, un látego e unha escaleira de sete banzos.

*** CRUCEIRO DO PORTO DO SAL (MUIMENTA).**

Un cravo, dous cravos, un martelo, unhas tenaces, unha espada e unha escaleira de sete banzos.

*** CRUCEIRO DA PRAZA (MUIMENTA).**

Tres cravos, unha espada, un martelo, unhas tenaces e una escaleira de dez banzos.

*** CRUCEIRO DA CASIÑA (PINO). (FOTO 1)**

Un látego, unha espada, tres cravos, un martelo, unhas tenaces e unha escaleira de dez banzos.

*** CRUCEIRO DE QUEIMOSAS (RIOAVESO). (FOTO 10)**

Un cravo, unhas tenaces, un martelo, unha lanza e una escaleira de once banzos.

*** CRUCEIRO DE ANLLO (ROÁS).**

Un cravo, dous cravos, un martelo, unhas tenaces, unha espada e unha escaleira de nove banzos.

*** CRUCEIRO DOS MUIÑOS (ROÁS).**

Tres cravos, un martelo, unhas tenaces e unha escaleira de sete banzos.

*** CRUCEIRO DE ANIDOS (STA. CRISTINA).**

Tres cravos, un martelo, unhas tenaces, un látego, unha lanza e unha escaleira de sete banzos.

*** CRUCEIRO DA IGREXA (STA. CRISTINA).**

Tres cravos, un martelo, unhas tenaces, unha lanza e unha escaleira de dez banzos.

*** CRUCEIRO DAS CARBALLAS (SEIXAS).**

Tres cravos, un martelo, unhas tenaces, unha escaleira de oito banzos e unha lanza.

*** CRUCEIRO DE ANCARES (SISOI).**

Tres cravos, un martelo, unhas tenaces, unha lanza e unha escaleira de nove banzos.

*** CRUCEIRO DE NICOLÁS (SISOI).(FOTO 3)**

Tres cravos, un martelo, unhas tenaces, unha espada e unha escaleira de dez banzos.

*** CRUCEIRO DO GALÁN (SISTALLO).**

Tres cravos, escaleira de catro banzos entrelazada cunha lanza, un martelo, unhas tenaces tamén entrelazadas e columna da flaxelación.

*** CRUCEIRO DO ARCO (SISTALLO).**

Tres cravos, un martelo, unhas tenaces, un látego, unha lanza e unha escaleira de sete banzos.

*** CRUCEIRO DA IGREXA (SISTALLO).**

Na cara norte unhas tenaces, na oeste tres cravos, na leste unha escaleira de cinco banzos e na sur o martelo.

*** CRUCEIRO DO SANTUARIO DA FEIRA DO MONTE (SISTALLO). (FOTO 11)**

Tres cravos, escaleira de catro banzos entrelazada cunha lanza, martelo, tenaces tamén entrelazadas e columna da flaxelación.

*** CRUCEIRO DE TÁMOGA (TÁMOGA).**

Unhas tenaces, tres cravos, un martelo, unha espada e unha escaleira de dez banzos.

*** CRUCEIRO DE ALGARA (VILAPENE).**

Tres cravos, unha espada, unhas tenaces, un martelo e unha escaleira de sete banzos.

*** CRUCEIRO DO CALVARIO (XERMAR).**

Tres cravos, un martelo, unhas tenaces, unha escaleira de oito banzos e un látego.

*** CRUCEIRO DO EIRIXADO (XERMAR). (FOTO 5)**

Tres cravos, unhas tenaces, un martelo, unha espada e unha escaleira de catorce banzos.

*** CRUCEIRO DA GRANDA (XERMAR).**

Tres cravos, un martelo, unhas tenaces, unha lanza e unha escaleira de oito banzos.

*** CRUCEIRO DE MATOCOVO (XERMAR).**

Tres cravos, unhas tenaces, un martelo, unha espada e unha escaleira de oito banzos.

*** CRUCEIRO DO PIÑEIRO (XERMAR).**

Tres cravos, unhas tenaces, un martelo e unha escaleira de oito banzos.

*** CRUCEIRO DE REXIMIL (XUSTÁS)**

Tres cravos, un martelo, unhas tenaces, unha escaleira de sete banzos e unha lanza.

3.3.3. Dez cruceiros amosan algunha inscrición²² e cinco o número de construción no extremo superior ou inferior dunha das caras do fuste.

A. CRUCEIRO DE LAMAS. Nº 79. (FOTO 20)

B. CRUCEIRO DOS MUIÑOS (ROÁS). Nº 37.

C. CRUCEIRO DE ANCARES (SISOI). Nº 26.

D. CRUCEIRO DA GRANDA (XERMAR). Nº 30. (FOTO 6)

E. CRUCEIRO DE REXIMIL (XUSTÁS). Nº 36.

3.4. O CAPITEL .

Amosa unha forma troncopiramidal invertida en **vintesete cruceiros²³** e formas molduradas en **dez²⁴**. Tamén o **cruceiro de Fontela (Bexán)** non presenta capitel.

Este elemento do cruceiro mostra a seguinte decoración:

3.4.1. Volutas nos cruceiros do Porto do Sal (Muimenta), de Nicolás (Sisoi), do Arco (Sistallo) e de Algara (Vilapene).

3.4.2. Querubíns e volutas en vinteun cruceiros²⁵.

3.4.3. Volutas unidas por cadeas e querubíns nos cruceiros do Calvario (Arcillá) (FOTO 21) , de Paredes (Cospeito) e de Momán de Abaixo (Momán).

3.4.4. Funículos nos cruceiros da igrexa (Muimenta) e do Eirixado (Xermar).

3.4.5. As ás dos anxos moi esquematizadas nos cruceiros da igrexa (Muimenta), de Ancares (Sisoi) e do Calvario (Xermar).

3.4.6. Os cruceiros das Carballas (Seixas) e do Calvario (Xermar) amosan unha inscrición. Ambos os dous cruceiros presentan ademais un número de construción.

*** Cruceiro das Carballas (Seixas). Nº 23.**

²² Cruceiros da Lamela (Goá), de Lamas, dos Muiños (Roás), da igrexa (Sta. Cristina), de Ancares (Sisoi), do Calvario (Xermar), do Eirixado (Xermar), da Granda (Xermar), do Piñeiro (Xermar) e de Reximil (Xustás).

²³ Cruceiros do Calvario (Arcillá), de Paredes (Cospeito), do Tumbo (Goá), de Lamas, de Momán de Abaixo (Momán), da igrexa (Muimenta), do Porto do Sal (Muimenta), da praza (Muimenta), da Casiña (Pino), de Queimosas (Rioaveso), de Anllo (Roás), dos Muiños (Roás), da igrexa (Sta. Cristina), das Carballas (Seixas), de Ancares (Sisoi), de Nicolás (Sisoi), do Galán (Sistallo), do Arco (Sistallo), da igrexa (Sistallo), do santuario da Feira do Monte (Sistallo), do Calvario (Xermar), do Eirixado (Xermar), da Granda (Xermar), de Matocovo (Xermar), do Piñeiro (Xermar), da Escanavada (Xustás) e de Reximil (Xustás).

²⁴ Cruceiros de Lamas, de Queimosas (Rioaveso), dos Muiños (Roás), da igrexa (Sta. Cristina), das Carballas (Seixas), de Ancares (Sisoi), do Arco (Sistallo), de Algara (Vilapene), do Calvario (Xermar) e do Piñeiro (Xermar).

²⁵ Cruceiros da Lamela (Goá), do Tumbo (Goá), de Lamas, da igrexa (Muimenta), da praza (Muimenta), da Casiña (Pino), de Queimosas (Rioaveso), de Anllo (Roás), dos Muiños (Roás), da igrexa (Sta. Cristina), das Carballas (Seixas), de Ancares (Sisoi), do Galán (Sistallo), da igrexa (Sistallo), do santuario da Feira do Monte (Sistallo), do Calvario (Xermar), do Eirixado (Xermar), da Granda (Xermar), de Matocovo (Xermar), do Piñeiro (Xermar) e de Reximil (Xustás).

* ***Cruceiro do Calvario (Xermar). Nº 21.***

3.5. A CRUZ.

Vinteseis cruceiros amosan unha cruz de sección cuadrangular nos extremos e coas arestas rebaxadas no resto²⁶ e tres unha sección octogonal²⁷.

Con respecto aos remates, mostran unha cruz florenzada ***vinteseis cruceiros***²⁸. No anverso da cruz aparece a efixie de Cristo en ***vinteseite cruceiros***²⁹. Amosa os seguintes detalles:

3.5.1. Os *cruceiros de Momán de Abaixo (Momán), da praza (Muimenta) e do Galán (Sistallo)*, presentan a cabeza da efixie de Cristo inclinada ao lado esquerdo. Os demais cruceiros, que posúen efixie, amosana ao lado dereito.

3.5.2. O perizoma anoadado ao lado esquerdo únicamente aparece nos *cruceiros da igrexa (Muimenta) e do Calvario (Xermar)*. Estes tamén amosan o pé esquerdo sobre o dereito.

3.5.3. Ambos os dous pés sobre unha caveira maniféstase nos *cruceiros de Paredes (Cospeito), de Momán de Abaixo (Momán), da praza (Muimenta), da Casiña (Pino), de Queimosas (Rioaveso), da igrexa (Sta. Cristina), de Ancares (Sisoi) (FOTO 22), de Nicolás (Sisoi), do Eirixado (Xermar), da Granda (Xermar), de Matocovo (Xermar), do Piñeiro (Xermar) e de Reximil (Xustás)*.

3.5.4. Os *cruceiros de Lamas, de Anidos (Sta. Cristina), das Carballas (Seixas) (FOTO 23), do Arco (Sistallo) e da igrexa (Sistallo)* amosan ambos os dous pés por riba dunha santiña.

²⁶ Cruceiros do Calvario (Arcillá), de Paredes (Cospeito), da Regueira (Cospeito), do Tumbo (Goá), de Lamas, de Momán de Abaixo (Momán), da igrexa (Muimenta), do Porto do Sal (Muimenta), da praza (Muimenta), da Casiña (Pino), de Queimosas (Rioaveso), de Anllo (Roás), de Anidos (Sta. Cristina), da igrexa (Sta. Cristina), das Carballas (Seixas), de Ancares (Sisoi), de Nicolás (Sisoi), do Arco (Sistallo), de Algara (Vilapene), do Calvario (Xermar), do Eirixado (Xermar), da Granda (Xermar), de Matocovo (Xermar), do Piñeiro (Xermar), da Escanavada (Xustás) e de Reximil (Xustás).

²⁷ Cruceiros do Galán (Sistallo), da igrexa (Sistallo) e do santuario da Feira do Monte (Sistallo).

²⁸ Cruceiros do Calvario (Arcillá), de Paredes (Cospeito), do Tumbo (Goá), de Lamas, de Momán de Abaixo (Momán), da igrexa (Muimenta), do Porto do Sal (Muimenta), da praza (Muimenta), da Casiña (Pino), de Queimosas (Rioaveso), de Anllo (Roás), de Anidos (Sta. Cristina), da igrexa (Sta. Cristina), das Carballas (Seixas), de Ancares (Sisoi), de Nicolás (Sisoi), do Galán (Sistallo), do Arco (Sistallo), da igrexa (Sistallo), do santuario da Feira do Monte (Sistallo), do Calvario (Xermar), do Eirixado (Xermar), da Granda (Xermar), de Matocovo (Xermar), do Piñeiro (Xermar) e de Reximil (Xustás).

²⁹ Cruceiros do Calvario (Arcillá), de Paredes (Cospeito), do Tumbo (Goá), de Lamas, de Momán de Abaixo (Momán), da igrexa (Muimenta), da praza (Muimenta), da Casiña (Pino), de Queimosas (Rioaveso), de Anllo (Roás), de Anidos (Sta. Cristina), da igrexa (Sta. Cristina), das Carballas (Seixas), de Ancares (Sisoi), de Nicolás (Sisoi), do Galán (Sistallo), do Arco (Sistallo), da igrexa (Sistallo), do santuario da Feira do Monte (Sistallo), de Algara (Vilapene), do Calvario (Xermar), do Eirixado (Xermar), da Granda (Xermar), de Matocovo (Xermar), do Piñeiro (Xermar), da Escanavada (Xustás) e de Reximil (Xustás).

3.5.5. Finalmente os *cruceiros do Calvario (Arcillá) (FOTO 21), do Tumbo (Goá), do Porto do Sal (Muimenta), da praza (Muimenta), do Anllo (Roás) (FOTO 19), de Algara (Vilapene) e do Eirixado (Xermar)* presentan a efíxie de Cristo flanqueada por santiños.

No reverso da cruz aparece a efíxie da Virxe nos mesmos cruceiros que o Cristo ³⁰.

Amosa os seguintes detalles:

A. Nos *cruceiros de Queimosas (Rioaveso), da igrexa (Sta. Cristina), das Carballas (Seixas), de Ancares (Sisoi), do Calvario (Xermar), da Granda (Xermar), de Matocovo (Xermar), do Piñeiro (Xermar) e de Reximil (Xustás)* a efíxie da Virxe se amosa nunha actitude orante sobre unha media lúa.

B. A imaxe mariana se presenta baixo unha coroa *nos cruceiros de Paredes (Cospeito), da igrexa de Sistallo (Sistallo) (FOTO 24) e do Eirixado (Xermar).*

C. Nos *cruceiros de Anllo (Roás), de Nicolás (Sisoi) e do Eirixado (Xermar)* a efíxie mariana se amosa como Piedade.

4º. DATACIÓN DOS CRUCEIROS.

Un bo número deles é do último tercio do século XIX e primeira metade do XX. Aqueles cruceiros, provistos de data, adoitan tela na base e no fuste, como podemos comprobar por medio do seguinte esquema:

4.1. DATA NA BASE.

*** CRUCEIRO DO CALVARIO (ARCILLÁ): 1891.**

*** CRUCEIRO DE FONTELA (BEXÁN): 1862.**

*** CRUCEIRO DE CARBALLAS (SEIXAS): 1891.**

*** CRUCEIRO DE ANCARES (SISOI): 1871.**

*** CRUCEIRO DE NICOLÁS (SISOI): 1890.**

*** CRUCEIRO DO ARCO (SISTALLO): 1862.**

4.2. DATA NO FUSTE.

*** CRUCEIRO DA LAMELA (GOÁ): 1891.**

*** CRUCEIRO DE LAMAS (LAMAS): 1913. (FOTO 20)**

³⁰ Ver nota a pé de páxina nº 26.

- * *CRUCEIRO DE MUIÑOS (ROÁS)*: 1879.
- * *CRUCEIRO DE SANTA CRISTINA (SANTA CRISTINA)*: 1909.
- * *CRUCEIRO DO CALVARIO (XERMAR)*: 1870
- * *CRUCEIRO DO EIRIXADO (XERMAR)*: 1893.
- * *CRUCEIRO DA GRANDA (XERMAR)*: 1872.
- * *CRUCEIRO DE PIÑEIRO (XERMAR)*: 1898.
- * *CRUCEIRO DE REXIMIL (XUSTÁS)*: 1878.

5º PERSOAS LIGADAS COA CONSTRUCCIÓN DOS CRUCEIROS.

- * *CRUCEIRO DO CALVAIO (ARCILLÁ)*. DEVOTOS DE ARCILLÁ E SISOI.
- * *CRUCEIRO DE FONTELA (BEXÁN)*. FRANCISCA FREIJO (TÍA DO AVÓ DE “JESÚS CRECENTE”, PROPIETARIO ACTUAL.
- * *CRUCEIRO DE LAMAS (LAMAS)*. MANUEL GARCÍA Y SU MUJER.
- * *CRUCEIRO DA IGREXA (SANTA CRISTINA)*. MANUEL DÍAZ Y DÍAZ, Y SU MUJER.
- * *CRUCEIRO DE ANCARES (SISOI)*. DOMINGO SALGADO.
- * *CRUCEIRO DE NICOLÁS (SISOI)*. MANUEL FERNANDEZ Y ESPOSA.
- * *CRUCEIRO DO ARCO (SISTALLO)*. JOSÉ FUNCASTA.
- * *CRUCEIRO DE ALGARA (VILAPENE)*. RAMÓN CASTIÑEIRA.
- * *CRUCEIRO DA GRANDA (XERMAR)*. JUAN PUENTE.
- * *CRUCEIRO DE REXIMIL (XUSTÁS)*. EDUARDO FREIRE.

6. CRUCEIROS CON RESTOS DE POLICROMÍA.

- * *CRUCEIRO DO CALVARIO (ARCILLÁ)*. Cor azul no fuste e capitel.
- * *CRUCEIRO DE FONTELA (BEXÁN)*. Cor azul no fuste.
- * *CRUCEIRO DO TUMBO (GOÁ)*. Cor ocre no fuste e capitel.
- * *CRUCEIRO DE MOMÁN DE ABAIXO (MOMÁN)*. Cores marrón e azul no fuste e capitel.
- * *CRUCEIRO DO PORTO DO SAL (MUIMENTA)*. Cores verde e vermella no fuste e capitel. (FOTO 25)
- * *CRUCEIRO DA PRAZA (MUIMENTA)*. Cor ocre no capitel.

- * **CRUCEIRO DA CASIÑA (PINO).** Cor azul e verde no fuste. Cor azul no capitel. E cor azul, verde e vermella na cruz.
- * **CRUCEIRO DE QUEIMOSAS (RIOAVESO).** Cor azul no capitel e cruz.
- * **CRUCEIRO DOS MUIÑOS (ROÁS).** Cor azul no fuste.
- * **CRUCEIRO DE NICOLÁS (SISOI).** Cor azul no fuste.
- * **CRUCEIRO DA IGREXA (SISTAYO).** Cor azul no capitel.
- * **CRUCEIRO DE ALGARA (VILAPENE).** Cores amarela, verde e vermella no fuste.
- * **CRUCEIRO DO CALVARIO (XERMAR).** Cores azul e vermella no fuste.

7. MATERIAIS EMPREGADOS.

Case todos os elementos dos cruceiros deste municipio son de granito agás as plataformas dos seguintes:

- * **CRUCEIRO DE FONTELA (BEXÁN).** Plataforma de tres chanzos de cachotería.
- * **CRUCEIRO DE PAREDES (COSPEITO).** Plataforma de tres chanzos de cachotería.
- * **CRUCEIRO DO TUMBO (GOÁ).** Plataforma de tres chanzos de cachoter
- * **CRUCEIRO DE MOMÁN DE ABAIXO (MOMÁN).** Plataforma de tres chanzos de cachotería.
- * **CRUCEIRO DA IGREXA (MUIMENTA).** Plataforma de tres chanzos; dous deles de cachotería.
- * **CRUCEIRO DO PORTO DO SAL (MUIMENTA).** Plataforma de tres chanzos de cachotería.
- * **CRUCEIRO DA PRAZA (MUIMENTA).** Plataforma de tres chanzos de cachotería.
- * **CRUCEIRO DA IGREXA (STA. CRISTINA).** Plataforma de dous chanzos recentes de cachotería.
- * **CRUCEIRO DAS CARBALLAS (SEIXAS).** Plataforma de tres chanzos de cemento.
- * **CRUCEIRO DE ANCARES (SISOI).** Plataforma de dous chanzos de cachotería.
- * **CRUCEIRO DO EIRIXADO (XERMAR).** Plataforma de catro chanzos; o primeiro de cachotería.
- * **CRUCEIRO DE MATOCOVO (XERMAR).** Plataforma de tres chanzos de cemento.
- * **CRUCEIRO DO PIÑEIRO (XERMAR).** Plataforma de dous chanzos de cachotería.
- * **CRUCEIRO DA ESCANAVADA (XUSTÁS).** Plataforma de dous chanzos de cachotería.

V. VOCABULARIO ESENCIAL SOBRE OS CRUCEIROS.

ACANTO.- Adorno que imita a unha planta perenne, que posúe as flores longas, rizadas e con espiñas. Este adorno é característico do capitel corintio.

ÁNGULO.- Figura formada por dúas liñas, que parten dun mesmo punto.

ANVERSO.- Cara principal de determinados obxectos. Cara principal da cruz.

ARESTA.- Recta formada polo encontro de dous planos.

BANZOS.- Cada un dos pasos dunha escaleira.

BASE.- Apoio sobre o que descansa algunha cousa. Parte inferior dunha columna.

CACHOTERÍA.- Pedras sen labrar, colocadas dun xeito irregular.

CAPITEL.- Parte superior da columna, que coroa o fuste.

CARTELA.- Decoración que enmarca unha inscrición nun pedestal, lápida ou friso.

COLARIÑO.- Moldura anular entre o fuste e o capitel dunha columna.

COLUMNA.- Pé dereito ou piar cilíndrico, normalmente máis alto que ancho, que serve de soporte de cornixas, bóvedas ou como simple adorno; componse de tres partes: base, fuste, e capitel.

CÓNCAVO.- Forma que presente a superficie curva cara o interior.

CONVEXO.- Estructura que mostra a superficie curva cara o exterior.

CUADRANGULAR.- De catro ángulos.

CUADRILÁTERO.- Polígono de catro lados.

CÚBICO.- Poliedro regular formado por seis caras cadradas.

CRUZ.- Figura formada por dúas liñas, que se atravesan perpendicularmente, e calquera obxecto ou figura con esa forma. Parte superior do cruceiro, situada por riba do capitel.

ALGÚNS TIPOS DE CRUZ:

1. CRUZ FLORENZADA. A que ten os seus remates abertos de xeito curvilíneo.
2. CRUZ GREGA. A de brazos iguais.
3. CRUZ LANCELOLADA. A que tén os seus remates en forma de ferro de lanza.
4. CRUZ LATINA. A que ten maior o brazo vertical.
5. CRUZ LISA. Cruz desprovista de imaxes.
6. CRUZ TREVOADA. A que ten os seus remates en forma de trevo.

ESTRÍAS.- Marca lineal pouco profunda.

FUSTE.- Parte da columna, situada entre a base e o capitel.

MERLÓN.- Cada un dos dentes en forma de prisma, que coroa un muro ameado..

MOLDURA.- Elemento corrido, que se colca sobre unha superficie para decorala e que se clasifica segundo o seu perfil, sendo normalmente de pouca anchura.

- TIPOS DE MOLDURAS:

- **FILETE OU LISTEL.-** De sección cadrada ou rectangular.
- **O BOCEL OU TORO.-** Semicirculo convexo; se é moi pequeno chámase baquetón.
- **O CUARTO BOCEL.-** Cuarto de círculo convexo.
- **A MEDIA CANA.-** Semicirculo cóncavo.
- **A ESCOCIA.-** Moldura cóncava, continua, composta de dúas curvas de distinto radio.
- **O CAVETO OU NACELA. –** De cuarto de círculo cóncavo.
- **A GOLA.-** A unión dun caveto e un cuarto bocel, sendo a parte máis sainte o caveto.
- **O TALÓN.-** A unión dun caveto e un cuarto bocel chámase talón, sendo a parte máis sainte o cuarto bocel.

MOLDURADO.- Que presenta molduras.

MONOLÍTICO.- Monumento de pedra dunha soa peza.

OCTOGONAL.- De oito ángulos.

PARALELOGRAMO.- Cuadrilátero cos lados opostos paralelos entre si.

PARALELEPÍPEDO.- Corpo xeométrico limitado por seis paralelogramos sendos os opostos iguais entre si

PEAÑA.- Base ou apoio para colocar por riba unha figura.

PIRÁMIDE.- Poliedro de base poligonal e caras laterais triangulares.

POLICROMÍA.- Arte de pintar en varias cores.

POLIEDRO.- Corpo xeométrico limitado por varias caras chás.

POLÍGONO.- Superficie chá limitada por vatios lados, que nas súas interseccións forman ángulos.

PRISMA.- Poliedro de dúas caras iguais e paralelas e no que as caras laterais son paralelogramos.

REBAIXADO.- Biselado, cortado no bordo.

RELEVO.- Forma escultórica, que sobresa dunha superficie.

REVERSO.- Cara oposta ao anverso. Cara posterior da cruz.

ROEL.- Peza decorativa redonda en forma de moeda.

SECCIÓN.- Corte ou liña divisoria.

SUPEDÁNEO.- Especie de peaña sobre a que se apoian algunhas efixies.

TRONCOPIRAMIDAL.- Relativo á parte da píramide, que se obtén facendo un corte por un lado paralelo á base e eliminando o vértice.

VOLUTA.- Adorno en forma de espiral.

VI. BIBLIOGRAFÍA.

ARRIBAS ARIAS, Fernando e BLANCO PRADO, José Manuel. ***Catálogo de Cruceiros da Terra Chá. Cruceiros de Castro de Rei e Outeiro de Rei.*** Cadernos do Seminario de Sargadelos nº 76, Sada (A Coruña): Ed. do Castro, 1998.

ARRIBAS ARIAS, Fernando e BLANCO PRADO, José Manuel. ***Catálogo de Cruceiros da Terra Chá. Cruceiros de Guitiriz.*** Cadernos do Seminario de Sargadelos nº 81, Sada (A Coruña): Ed. do Castro, 1999.

ARRIBAS ARIAS, Fernando e BLANCO PRADO, José Manuel. ***Catálogo de Cruceiros da Terra Chá. Cruceiros de Begonte, Cospeito e Rábade.*** Cadernos do Seminario de Sargadelos nº 87, Sada (A Coruña): Ed. do Castro, 2000.

ARRIBAS ARIAS, Fernando., BLANCO PRADO, José Manuel e SAAVEDRA, Mario. ***Catálogo de Cruceiros da Terra Chá. Cruceiros, Cristo e Cruces da Pastoriza.*** Cadernos do Seminario de Sargadelos nº , Sada (A Coruña): Ed. do Castro, 2002.

ARRIBAS ARIAS, Fernando., CUBA RODRÍGUEZ, Xoán Ramiro, e REIGOSA CARREIRAS, Antonio “Cruces, cruceiros, ermidas e capelas da bisbarra chairega (I)”, en ***El Progreso, diario de Lugo***, 20-8-1987.

ARRIBAS ARIAS, Fernando., CUBA RODRÍGUEZ, Xoán Ramiro, e REIGOSA CARREIRAS, Antonio “Cruces, cruceiros, ermidas e capelas da bisbarra chairega (II)”, en ***El Progreso, diario de Lugo***, 20-8-1987, páx. 7.

BAAMONDE GARCÍA, Alfonso A e CASTRO RODRÍGUEZ, A. “ Cruces, cruceiros, ermidas e capelas da bisbarra chairega”, en ***El Progreso, diario de Lugo***, 22-8-1987, páx. 7.

BLANCO PRADO, José Manuel e RODRÍGUEZ SÁNCHEZ, Manuel. ***Cruces y Cruceiros del Municipio de Begonte.*** Lugo: Servicio de Publicaciones de la Diputación Provincial, 1988.

BLANCO PRADO, José Manuel. *Religiosidad popular en el Municipio de Begonte*. Lugo:Servicio de Publicaciones de la Diputación Provincial, 1990.

CENDÁN FRAGA, A. “ Os cruceiros de Vilalba”, en *El Progreso de Lugo*, 31-8-1988, páx.33.

CENDÁN FRAGA, A. “ Cruceiros, hórreos y antiguos molinos chairegos sucumben en el olvido”, en *EL Progreso de Lugo*, 29-12-1989, páx. 9.

COMARCA DA TERRA CHÁ. Plan de Desenvolvemento Comarcal de Galicia. Gabinete de Planificación e Desenvolvemento Territorial. Presidencia. Xunta de Galicia, 1993, páxs. 92-103.

FLORES RIVAS, Luis Hixinio. “ A cultura material representada nas construcións populares: un elemento a conservar na Terra Chá”, en *Boletín Terra Chá*, nº 1, Orgao das Brigadas en Defensa do Patrimonio Chairego, 1997, páxs. 28-30.

GIL AGRAS, H. “Os cruceiros de Bretoña”, en *El Progreso de Lugo*, 17-8-1991, páx. 37.

GONZÁLEZ REBOREDO, X.M., RIELO CARBALLO, N., SANTOS SAN CRISTÓBAL, S., e VALIÑA SANPEDRO, E. *Inventario Artístico de Lugo y su provincia*. Madrid: Servicio Nacional de Información Artística, Arqueológica y Etnológica, Ts. I-VI, 1975-1983.

Inventario do Patrimonio Histórico-Artístico dos concellos de Abadín, Begonte, Castro de Rei, Cospeito, Guitiriz, Muras, Vilalba, Xermade, en *Diario Oficial de Galicia*, nº 18, 15-1-1990, páxs. 709, 714, 716, 720, 726-727, 736, 757-758, 760.

LAREDO VERDEJO, J.M. *Os Nossos Cruceiros*. A Coruña: Ed. Boreal-Xuntanza, 1993.

PERNAS BERMÚDEZ, Carmen. “ O cruceiro dos Catro Camiños de Vilalba” (I), en *El Progreso, diario de Lugo*, 30-4-1998, páx. 16.

PERNAS BERMÚDEZ, Carmen. “ O cruceiro dos Catro Camiños de Vilalba” (II), en ***El Progreso, diario de Lugo***, 1-5-1998, páx. 16.

PERNAS BERMÚDEZ, Carmen. “ As cruces de pedra no olvido” , en ***Pena do Encanto***, Boletín Informativo do Instituto de Estudios Chairegos, nº 1, 2001, páxs. 20-37.

RODRÍGUEZ CASTELAO, A. ***As cruces de pedra na Galiza***. Madrid:Akal, 1975. Ed. facsímil da que se levou a cabo en B. Aires en 1949.

TRAPERO PARDO, J. “ Os cruceiros”, en ***Lucus***, Boletín Informativo da Deputación Provincial de Lugo, nº 27, 1974, páxs. 25-40.

VIVEIRO, Orlando. “ O Latín dos canteiros”, en ***Terra Chá***, Órgao das Brigadas en Defensa do Patrimonio Chairego, nº 2, 1997, páxs. 4-5.

NOTA.- Os mapas de localización do concello de Cospeito foron realizados polo delineante ***José Cancio Fernández*** e as fotos dos cruceiros por ***Fernando Arribas Arias***.

VII. ILUSTRACIÓNS.



FOTO 1. CRUCEIRO DA CASIÑA (PINO)



FOTO 2. CRUCEIRO DE ANLLO (ROÁS)



FOTO 3. CRUCEIRO DE NICOLÁS. SISOL.



FOTO 4. CRUCEIRO DE ARCO. SISTALLO



FOTO 5. CRUCEIRO DO EIRIXADO. XERMAR



FOTO 6. CRUCEIRO DA GRANDA. XERMAR.



FOTO 7. CRUCEIRO DE REXIMIL (XUSTÁS)



FOTO 8. CRUCEIRO DE LAMELA (GOÁ)



FOTO 9. CRUCEIRO DA IGREJA DE MUIMENTA



FOTO 10. CRUCEIRO DE QUEIMOSAS (RIOAVESO)



FOTO 11. CRUCEIRO DO SANTUARIO. FEIRA DO MONTE. SISTALLO.



FOTO 12. CRUCEIRO DO GALÁN. FEIRA DO MONTE. SISTALLO.



FOTO 13. CRUCEIRO DE ALGARA (VILAPENE



FOTO 14. CRUCEIRO DE MATODOSO (XUSTÁS)



FOTO 15. CRUCEIRO DE QUEIMOSAS



FOTO 16. CRUCEIRO DE MUIÑOS. ROÁS.



FOTO 17. CRUCEIRO DE SANTA CRISTINA



FOTO 18 CRUCEIRO DE NICOLÁS. SISOI.



FOTO 19. CRUCEIRO DE ANLLO (ROÁS)



FOTO 20 .CRUCEIRO DE LAMAS



FOTO 21. CRUCEIRO DO CALVARIO (ARCILLÁ)



FOTO 22. CRUCEIRO DE ANCARES (SISOI)



FOTO23. CRUCEIRO DAS CARBALLAS (SEIXAS)



FOTO 24. CRUCEIRO DA IGREJA DE SISTALLO



FOTO 25. CRUCEIRO DO PORTO DO SAL. MUIMENTA.

